



É un obxectivo universitario o propiciar e facilitar ós alumnos a realización de prácticas en empresas como complemento á súa formación académica. Tamén é preciso sen embargo acotar a súa aplicación nos expedientes académicos dos alumnos porque, de non facelo, poderíase desvirtuar o necesario equilibrio entre os coñecementos prácticos e teóricos da carga lectiva dos plans de estudio.

É por isto que na súa sesión do 22 de decembro de 1998, a Xunta de Goberno da Universidade de Santiago acadou o seguinte

ACORDO

ÚNICO.- Non se poderán recoñecer nos currículos dos alumnos máis de 500 horas de prácticas en empresas como créditos de libre elección. Para o cálculo do límite anterior non se terán en conta as prácticas en empresas recoñecidas como créditos por equivalencia nos plans de estudio.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 22 de decembro de 1998, acordou aproba-lo presente **“RECOÑECIMENTO DO MÁXIMO DE 500 HORAS DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS COMO CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN”**. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.



Santiago de Compostela, 28 de decembro de 1998

Vº e Pr
O RECTOR
(Por R.R. do 18/12/98)
O Vº DE PROFESORADO



Cástor Méndez Paz

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

XA0179